

MARÍA CASARES



EN TRES ACTOS



MANUEL L. POY

INÉS VÁZQUEZ

RUBÉN RIAL

DANI XOVE

MARÍA CASARES



EN TRES ACTOS

Guión:
Manuel López Poy

Debuxos:
Inés Vázquez
Rubén Rial
Dani Xove

Ilustración de cuberta:
Camille Benyamina

Alcaldesa da Coruña Inés Rey García

Edita: Concello da Coruña
Dirección de proxecto: Manel Cráneo
Revisión de textos: Henrique Torreiro
Deseño e maquetación: Demo Editorial
Foto das gardas: Studio Harcourt (París)
Imprime: Lugami Artes Gráficas

© Polo guión, Manuel L. Poy, 2022
© Polos debuxos, Inés Vázquez, Rubén Rial e Dani Xove, 2022
© Pola ilustración de cuberta, Camille Benyamina, 2022
© Pola presente edición, Concello da Coruña, 2022

Primeira edición: marzo de 2022

Depósito legal: C 304-2022

EDICIÓN NON VENAL

O ano María Casares, que o Concello ven celebrando neste 2022, está supoñendo a realización de moitas actividades en relación coa figura desta coruñesa que, como ela dixo, nacera no teatro Mathurins, pero tiña como país de orixe a España refuxiada.

Unha das liñas de traballo deste ano María Casares é o labor de promoción editorial que coñece esta primeira aportación que pretende achegar, nun formato tan especial como a banda deseñada, a figura de María Casares a todos os públicos. Coincide esta iniciativa da Concellaría con competencias en materia de Educación co 25º aniversario do Salón do Cómic, unha desas destacadas iniciativas de política cultural do Concello que sempre conta co apoio das e dos coruñeses e de quen, en verán, que é cando se celebra, nos visita.

O traballo da experta e prestixiosa man de Manel Cráneo na dirección do proxecto é, ademáis dunha obra gráfica fermosa ao tempo que útil, unha forma de volver ver a María reinando nas táboas do teatro, falando nas tertulias, de nena, de muller.

Ela soa e con aqueles que ocuparon a súa vida. María foi unha muller libre, unha muller que tivo que renunciar a tanto e a tantos e á que, neste ano que lle dedicamos, queremos renderlle o tributo que merece, en toda A Coruña, fora da Coruña e en todos os formatos.

Ines Rey García
Alcaldesa da Coruña

PRIMEIRO ACTO




UNHA INFANCIA TRUNCADA

Guión:
Manuel López Poy

Debuxos:
Inés Vázquez



A CORUÑA, 1931. OS MEUS PAIS TIVÉRONME POR DESCOIDO OU POR TORPEZA. NON ME QUERÍAN TER, POLA AMEAZA DA TISE E A EPILEPSIA. E, AÍND A POR RIBA, A MIÑA IRMÁ VOLVERA DE FRANCIA ENFERMA, DE NON COMER.



SACÁRONME ADIANTE COAS SOAS FORZAS DA MIÑA NAI E OS COÑECEMENTOS DO MEU PAI. VIVÍA MEDIO ANO NA NOSA CASA DA RÚA PANADEIRAS E OUTRO MEDIO NO PAZO DE MONTROVE, SEMPRE A CARÓN DO MAR.

VELAÍ VAI OUTRA VEZ CORRENDO VITOLIÑA, A FILLA DE CASARITOS E GLORIA, A QUE TRABALLA DE SOMBREIREIRA.

POBRIÑA, CO PAI PRESO EN MADRID, POLO DA SUBLEVACIÓN DE JACA.



SEICA XA O SOLTARON. POLO MENOS, DESTA VEZ NON VIRÁ COMO CANDO FOI ESTUDAR... CUNHA FILLA SEN NAI.

MIRA QUE ES LARETA, COMADRE... SE ATENDESSES AO TEU! A CASARES GUIROGA PRENDERONO POR APOIAR A FERMÍN GALÁN PARA TRAER A REPÚBLICA..., QUE BOA FALTA NOS FAI.



E A SÚA VIDA É COUSA SÚA, QUE A TI NUNCA NADA CHE PEDIU... PARÉCEME.



A REPÚBLICA, A REPÚBLICA... DÍ O QUE QUEIRAS, PERO O QUE HAI NESA FAMILIA SON MOITOS FUMES. O PAI, UN SEDUTOR ESMORGANTE; A NAI, UNHA CALGUERA QUE VAI DE SEÑORA; A FILLA MAIOR, UNHA RIDÍCULA; E A PEQUENA, UNHA SALVAXE, POR MOITO COLEXIO FRANCÉS QUE LLE DEAN.

SE MORDES A LINGUA, MORRES.






PRAIA DE BASTIAGUEIRO, A CORUÑA.



PORTA DO SOL, MADRID. 14 DE ABRIL DE 1931.



DIXEN ADEUS ÁS SEREAS, AOS PRÍNCIPES, AOS ELFOS, ÁS MEIGAS, AOS TRASGOS E Á SANTA COMPAÑA DOS CONTOS DA MIÑA TÍA CANDIDITA, UNHA MULLER QUE ME ENSINOU MOITAS COUSAS, MENOS A REBELARME.



Á BIBLIOTECA DA MIÑA CASA, ONDE QUEDARON COLETTE, PIRANDELLO, MOLIÈRE, STENDHAL E ROSALÍA DE CASTRO.




Á RÚA REAL, CO RECENDO A CHOCOLATE DO SALÓN DE TÉ EL PROGRESO, A ONDE ME LEVABA A MIÑA NAI.




Á LIBERDADE DOS XOGOS COS MEUS AMIGOS PILARITA LÓPEZ-NÓVOA E JOSEÍÑO NAYA.



A INFANCIA, A PRIMEIRA E VERDADEIRA, DEIXÁBAA NAS TERRAS HÚMIDAS, VERDES, SOMBRIAS E AGRIDOCES DE GALICIA.



EN MADRID, O TEMPO E O ESPAZO NON SE PARECÍAN EN NADA AO QUE ATA ALÍ COÑECERA.



COLLE AS TÚAS COUSAS, LÉVAAS AO TEU CUARTO E ORDÉNAO. E, ASÍ QUE ESTEAMOS INSTALADOS, MATRICULARASTE NO INSTITUTO-ESCUELA.



FOI EN MADRID ONDE TIVEN O PRIVILEXIO DE EDUCARME NUN VIVEIRO DE HOMES E MULLERES LIBRES A TRAVÉS DOS ANOS.



ONDE COÑECÍN O MUNDO POLÍTICO E INTELLECTUAL QUE VISITABA A NOSA CASA.



VITOLIÑA, SAÚDA ESTES SEÑORES. SABES QUEN SON, NON?

CLARO, PAPÁ: AZARA E VALLE-INCLÁN.

E ONDE COMPARTÍN A VIDA COTIÁ DAS CLASES POPULARES, NA CASA DOS NÓSOS PORTEIROS.



HAI QUE VER O QUE LLE GUSTA Á GALEGUIÑA O COCIDO MADRILEÑO.

CO TEMPO, TOMEI CONSCIENCIA DE REPRESENTAR ALGUÉN, ALGO, UNHA CERTA ESPAÑA.



CORRECÍN OS INOCENTES ARDORES DO AMOR ADOLESCENTE.



PARA QUE TE LEMBRES SEMPRE DE MIN...
DE MANOLO DEL CAMPO.



E FOI NESE MADRID REPUBLICANO ONDE TIVEN O MEU PRIMEIRO
ENCONTRO CO TEATRO.



E A MIÑA PRIMEIRA EXPERIENCIA SOBRE AS TÁBOAS, INTERPRETANDO
A NAI TERRA DIANTE DUN ILUSTRE AUDITORIO.






ESPAÑA ESTALOU COMO UN PRATO RACHADO EN DOUS POLO LUME... E A GUERRA TRASTORNOU PARA SEMPRE AS NOSAS VIDAS.





PARA LLES FACER FRONTE ÁS CIRCUNSTANCIAS, NON HABÍA POSIBILIDADE DE DETERSE, DE DEIXAR DE AVANZAR EN LIÑA RECTA... PORQUE OS ACONTECEMENTOS SE SUCEDÍAN... VIVÍA NUNHA AUTÉNTICA COCTELEIRA.



ASÍ QUE ES TROTSKISTA... DO POUUM, EH?

SON ENRIQUE LÓPEZ TOLENTINO, E ACOMPAÑO A FRANCIA A ESPOSA E A FILLA DE CASARES QUIROGA.

HA, HA! XA VEREMOS O QUE TARDA EN MARCHAR ESE TAMÉN.



POR FIN, DESPOIS D'UNHA ETERNA VIAXE EN COCHE E TREN, CHEGAMOS A PARÍS.



FOI ALÍ ONDE COMECEI A SERIE DE ENTERROS PARA VIVIR; ONDE APRENDÍN A CORTAR POLO SAN, COMO DICÍA O MEU PAI.





A TRAVÉS DA SÚA LINGUAXE, COMECEI A APRENDER FRANCIA.



E A VIDA CONTINUABA ABRÍNDOSE ANTE MIN... E AÍND A HABÍA TEMPO... UN TEMPO DE MOCIDADE.



VITOLA, COMENTOU ME ENRIQUE AS TÚAS RELACIÓNS SENTIMENTAIS...



REBENTADO O ABSCESO... NUNCA HOUBO ENTRE NÓS A MENOR DISENSIÓN QUE VIÑESE ALTERAR UNHA UNIÓN PERFECTA.



En el día de hoy, cautivo y desarmado el Ejército Rojo, han alcanzado las tropas nacionales sus últimos objetivos militares. La guerra ha terminado. El Generalísimo, Franco. Burgos, 1.º de abril de 1939.



MARZO DE 1940.



14 XUÑO DE 1940.




FOI NO ESTADO DE GUERRA CANDO CAPTEI NA SÚA INTEGRIDADE O QUE DESDE ENTÓN
REXEITO OU AMO DE FRANCIA.



O MEU ÚNICO REFUXIO ERA O POMBAL DA RÚA DE VAUGIRARD... ALÍ ESTABAMOS AS DÚAS, SOAS, XUNTAS,
ENFRONTADAS CO EXILIO, A GUERRA, A NOSA SITUACIÓN E A VIDA.






SEGUNDO ACTO





PARÍS A ARTE E O AMOR

Guión:
Manuel López Poy

Debuxos:
Rubén Rial
















"ESTE ANO NON FOI MOI BO. ESTA CASA ESTÁ MOITAS VECES DESERTA. OS POBRES NON SE DETEÑEN POR MOITO TEMPO, E OS RICOS, QUE SÓ SE EXTRAVÍAN, VEÑEN DE CANDO EN VEZ."

"NON TE QUEIXES, MARTHA. OS RICOS DAN MOITO TRABALLO."



MALDITA SEXA, MARCEL... CON ESTES APAGAMENTOS NON SE PODE ENSAIAR. NON É POR FACER UN MAL CHISTE, PERO A ESTE PASO "LE MALENTENDU" NUNCA VERÁ A LUZ.

TEN VOSTEDE TODA A RAZÓN, MADAME KALFF... PERO QUE QUERE QUE FAGA EU? É A GUERRA, ESTA MALDITA E ABSURDA GUERRA.



O MELLOR É DEIXALO POR HOXE. OS ALIADOS ESTÁN EN PLENA OFENSIVA. IRÁ ESTA NOITE Á FESTA NA CASA DE CHARLES DULLIN?

SI, SE NON O IMPIDE UNHA PATRULLA ALEMÁ, CLARO.



MESTRE DULLIN, MESMO NESTAS CIRCUNSTANCIAS, ORGANIZA VOSTEDE UNHAS FESTAS MEMORABLES.

AGRADÉZOLLO, AMIGO MEU..., PERO NON É NECESARIO QUE PERDA O TEMPO ADULÁNDOME... HAI UN ANACO QUE É EVIDENTE QUEN É O OBXECTO DO SEU INTERESE.



AQUELA NOITE, CAMUS E MAIS EU, BÉBEDOS OS DOUS, CHEGAMOS AO NOSO DESTINO.





ALBERT, ESTE É
ANDRÉ SCHLESSER,
O MEU COMPAÑEIRO.



O TEU COMPAÑEIRO MÍRATE
CON OLLOS DE CORDEIRO DEGOLADO.


NON ME DIRÁS QUE ESTÁS CELOSO!

ESCOITA, QUERO QUE ME ACOMPAÑES Á
SALLE PLEYEL. OS MEUS COMPATRIOTAS
CELEBRAN UNHA FESTA.



UNHA FESTA?

BEN, ESA É A ESCUSA QUE LLES DAMOS
AOS ALEMÁNS. EN REALIDADE, É UNHA
REUNIÓN DE EXILIADOS QUE QUEREMOS RIR
DAS NOSAS PENAS E CANTAR A NOSA
ADHESIÓN Á PATRIA AFLIXIDA.



"¡ALERTA!"

"DÍA ES DE ALERTA,
DÍA DE PLENA VIGILANCIA
EN PLENA GUERRA,
TODO DÍA DEL AÑO."

"¡AY DEL DORMIDO,
DEL QUE CIERRA LOS OJOS,
DEL QUE CIEGA!"




DE QUEN ERAN ESOS VERSOS?

DE ANTONIO MACHADO...
O INSIGNE POETA ESPAÑOL
ENTERRADO NO EXILIO.



ALBERT... QUERO AXUDAR.

QUERO ENTRAR NA RESISTENCIA.





ESTÁS SEGURA? É DEMASIADO
PERIGOSO... SOBRE TODO AGORA,
QUE SE ACHEGA O FINAL.

SEINO, E POR ISO
QUERO FACER ALGO
NO QUE NON TEÑA
QUE COÑECER NOMES
OU ENDEZOS
QUE POIDA REVELAR
SE ME CAPTURAN.











"GALICIA FLORIDA,
CAL ELA NINGUNHA,
DE FROLES CUBERTA,
CUBERTA DE ESPUMAS."



FOI MOI EMOCIONANTE. ROSALÍA DE CASTRO
SOANDO POLA RADIO NO DÍA DE GALICIA.

GÚSTAME LEMBRAR
DE ONDE VEÑO.



SABES QUE NON QUERO METERME NA TÚA VIDA, PERO
ALÉGROME DE QUE ACABES A TÚA RELACIÓN CON SERVAIS.

AGORA TEMOS QUE POR ORDE
NO NOSO POMBAL DA RÚA DE VAUGIRARD...
CONTRATEI UNHA MULLER QUE LEVE A CASA.
PRESENTOUMA ENRIQUE, CHÁMASE
ÁNGELES E É NAVARRA.



A MIÑA INTENCIÓN É QUE SE INSTALE CONNOSCO
CO SEU MARIDO JUAN, UN ANDALUZ DO MÁIS
ESTRAFALARIO. NECESITAS RODEARTE DE VIDA.


PERO ONDE SE INSTALARÁN?




NO CUARTO DE ENRIQUE. FALEINO CON EL... E VAISE. COIDOU DE MAMÁ
MELLOR QUE NINGUÉN, PERO A SÚA PRESENZA É CADA DÍA MÁIS DIFÍCIL
PARA TODOS. É HORA DE QUE TOMO O SEU PROPIO CAMIÑO.





TOPOS NECESITAMOS
REFACER AS NOSAS VIDAS.









TERCEIRO ACTO



Q TEATRO
É A MINA
PATRIA



Guión:
Manuel López Poy

Debuxos:
Dani Xove





30 de decembro de 1959... Ben. A última carta. Só para dicirche que chego o martes, por estrada; volvo a subir cos Gallimard o luns (pasan por aquí o venres). Chamareite por teléfono cando chegue, pero quizá poderíamos acordar cear xuntos o martes. Digamos que, en principio, tendo en conta os posibles imprevistos da estrada, che confirmarei a cea por teléfono.



Mándoches un montón de tenros desexos e que a vida flúa en ti durante todo o ano, para darche ese rostro feliz que ameí durante tantos anos (pero que tamén me encanta cando mostra preocupación, e de todas as maneiras).

Estou tan contento de te volver a ver que río mentres che escribo. Pechei os meus arquivos e xa non traballo máis (demasiada familia e demasiados amigos da familia). Así que non teño motivos para estrañar a túa risa, nin as nosas veladas, nin a miña terra.


Bícote, ténote preto de min até o martes, cando o farei outra vez de verdade...

A.



DESTE MORTO, O ÚLTIMO QUE ME TOCABA TAN DE PRETO, NUNCA SOUBEN NADA. QUIZÁ UNHA FOTO SORPRENDIDA NO AIRE NUN XORNAL QUE NON QUERÍA MIRAR. É O ÚNICO DOS MEUS MORTOS QUE ME ESTIVO PROHIBIDO VER.





















FESTIVAL DE AVIGNON, XULLO DE 1967.






EN MAIO DE 1968 ESTABA NO CAMPO.
NON ESTABA NO MEDIO DE TODO, O QUE FOI MARABILLOSO,
PORQUE PERCIBÍA O ESENCIAL E NON OS DETALLES
QUE MATAN A INFORMACIÓN.



POR PRIMEIRA VEZ TIÑA A SENSACIÓN
DE QUE ESTABA A SUCEDER ALGO
QUE RESPONDÍA ÁS MIÑAS EXPECTATIVAS,
ALGO QUE ESPERTARÍA O NOSO SISTEMA.



SENTÍN QUE VIÑA A TRÁVÉS DA MOCIDADE
COMO AS PRIMEIRAS EXPLOSIÓNS DUN VOLCÁN.
NUNCA PENSEI QUE SERÍA UNHA REVOLUCIÓN
COMO A QUE COÑECERAMOS ATA ENTÓN...
PERO HABÍA UNHA ALARMA,
E ISO FÍXOME MOITO BEN.



MAIS O TEATRO
É UN AMANTE
INSACIABLE.




QUERIDO MAURICE BÉJART,
A ONDE NOS LEVARÁ ESTA MONTAXE
DE "À LA RECHERCHE DE
DON JUAN"?


DE MOMENTO,
A MÉXICO.
















MARÍA CASARES



EN TRES ACTOS

